


SON PERIGOSAS AS GAIVOTAS?

Na defensa das súas crías, as gaivotas poden facer ataques intimidatorios, nos que excepcionalmente poden golpear coas patas e facer leves feridas. Nese caso, protéxase cunha vara sobre a súa cabeza ou abandone a zona e avise ao **Concello de Vigo**.

Ademais deses ataques intimidatorios, poden producir as seguintes molestias:

- Ruído provocado pola emisión de voces coloniais
- Suciedade por excrementos, restos de comida, aves mortas
- Desperfectos en materiais das edificacións, obturación das canles
- Caída de polos a patios de luces

Molestias citadas pola veciñanza no ano 2001



No ano 2008 recibíronse avisos por molestias dun 10% dos niños existentes na cidade e unha boa parte das chamadas corresponderon coa caída das crías aos patios de luces e beirarrúas, a maior parte delas coa intención de axudalas. Sábese que outras persoas gozan coa observación das gaivotas e dos seus niños e polos, e mesmo hai quen lles dá de comer.

Como moitos animais silvestres, as gaivotas son potenciais transmisoras de enfermidades (salmonelose, botulismo, doenzas fúnxicas...), aínda que nunca se ten rexistrado un caso de transmisión a humanos, en ningunha parte do mundo.

QUE FACER SE TEN MOLESTIAS POR CAUSA DAS GAIVOTAS?

Fóra das épocas e regulamentacións de caza, non se pode dar morte ás gaivotas, molestalas nin destruír os seus niños. Porén, hai excepcións consideradas na lexislación, en virtude das cales o **Concello de Vigo** foi autorizado pola Consellería de Medio Ambiente a retirar niños urbanos de gaivota patiamarela.

Cómpre saber que ningunha cidade do mundo conseguiu erradicar unha colonia urbana destas aves, pese a ter gastado numerosos recursos.

O **Concello de Vigo** promove o estudo e seguimento da colonia e a retirada de niños e ovos, tanto nas zonas de recente expansión como naquelas localizacións nas que se reciban queixas. Isto soluciona temporalmente a situación, até que volten criar no seguinte ano. Por tanto, a mellor práctica consiste en instalar estruturas repelentes (arames, redes...) que impidan nidificar ás aves, aínda que non sexa viable en todo tipo de edificios.

Se ten algunha molestia por gaivotas no ámbito urbano de Vigo pode chamar ao **teléfono 010**. Recibirá a visita gratuíta dos operarios ou técnicos correspondentes para, sempre que sexa posible, retirar o niño ou aconsellar medidas de protección.

QUE PODO FACER EU?

- Non dea de comer ás gaivotas, especialmente en ambiente urbano.
- Deixe sempre pechados os colectores con lixo orgánico. Se están cheos, busque os máis próximos ou demore no posible o depósito de lixo.
- Se ten algunha molestia por gaivotas no ámbito urbano de Vigo, pode chamar ao **teléfono 010**.
- Procure facer chegar a queixa no período en que as aves teñen ovos (maio), para evitar o nacemento de polos, máis difíciles e perigosos de retirar.
- A lexislación prohibe que retire niños pola súa propia conta; tampouco pode ferir ou dar morte a aves adultas ou polos (Directiva 79/409/CEE; Lei estatal 42/2007; Lei 9/2001 de Galicia).

Realización  ARCA



Na procura do equilibrio
**ACTUACIÓNS
COAS GAIVOTAS
NA CIDADE
DE VIGO**



NA PROCURA DO EQUILIBRIO

As gaivotas forman parte da paisaxe de Vigo e acompañaron a historia da cidade. Son moitos os vigueses e viguesas que se deleitan co seu voo mecendo ao compás da brisa mariña... Porén, nos últimos 30 anos comezaron a aniñar nos tellados e terrazas da cidade, constituíndo hoxe en día unha nutrida colonia con máis de mil parellas reprodutoras. Paralelamente, tense incrementado o número de veciños e veciñas incomodadas por rúidos, suciedade ou mesmo por voos intimidatorios.

Solucionar as molestias ocasionadas á veciñanza e acadar o equilibrio entre a colonia urbana de gaivotas e o benestar humano, son os obxectivos das accións postas en marcha por parte da Concellería de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo do **Concello de Vigo**, contando coa colaboración cidadá.

Son recentes as gaivotas na cidade?

As Rías Baixas acollen a maior poboación mundial da chamada "gaivota patiamarela" (*Larus michahellis*), e a súa nidificación nos arquipélagos das bocas das rías (illas Cíes, Ons...) é coñecida desde polo menos principios do século XX. A xente de idade lembra que se comían os seus ovos, moi apreciados na repostería. Todo o ano podían verse no porto, nos areais, sobre o mar...

O desenvolvemento económico e a industrialización provocaron o aumento do lixo, a intensificación da pesca, o crecemento urbano e o abandono da práctica da recollida dos ovos. A poboación de gaivotas multiplicouse coas novas fontes de alimento e aínda hoxe continúa sendo a especie que máis aproveita todos os restos da actividade pesqueira.

Como acontecera noutros países do mundo con especies de gaivotas semellantes, as patiamarelas **comezaron a nidificar nas cidades**, atraídas pola altura das novas edificacións humanas e a proximidade ás novas fontes de alimento. En Vigo deuse o primeiro caso de España a fins dos anos setenta, e desde entón non deixan de aumentar, pese a que as grandes colonias nas illas xa están estabilizadas ou en lixeiro declive. No ano 2008, o estudo encargado polo **Concello de Vigo** detectou 1.023 parellas reprodutoras.

Ademais da patiamarela, outras tres especies de gaivotas son habituais no noso litoral, pero ningunha cría na cidade.

O ciclo anual das gaivotas

Como a práctica totalidade das aves das nosas latitudes, as gaivotas só crían na primavera. Fan o niño no chan, en cantís rochosos con vexetación baixa. Nas cidades, aniñan principalmente en tellados, terrazas e chemineas. Sempre inaccesibles aos depredadores terrestres (raposos, teixugos, porcos bravos...), de aí que escollan as illas e os edificios das cidades.

Crían en colonias, onde cada parella defende activamente o seu territorio. Constrúen o niño con herbas e poñen 2-3 ovos, aínda que xa ocupan territorio durante meses antes. Se perden os ovos poden voltar a poñer. Os polos nacen xa con plumón e logo saen do niño (nidifugos), deambulan polos tellados e en 45-60 días están prontos para voar. A colonia urbana queda case baleira na segunda metade do verán, e a estética do seu voo espállase en inverno pola costa galega, Asturias e Portugal.

Durante o primeiro ano de vida, as gaivotas presentan unha plumaxe castaña e peteiro negro; aos tres anos adquiren a plumaxe adulta.

Evolución da superficie ocupada pola colonia urbana de gaivotas na cidade de Vigo

